



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2026/G010/000008

Expediente núm.: 2026/G003/001622

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias plenarias, que deberán celebrarse cada dous meses, o cuarto venres dos meses impares, ás 21:00 horas (nove da noite).

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **25 DE SETEMBRO DE 2026 (VENRES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:

- ORDINARIA: núm. 2026/06 do 24 de xullo de 2026
- EXTRAORDINARIA E URGENTE: núm. 2026/07 do 15 de setembro de 2026

A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación será/n achegada/s xunto coa presente convocatoria.

1.2.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Expediente núm.: 2026/X999/000406

Asunto: ratificar e tomar coñecemento do decreto da alcaldía núm. 1369/2026 do 11 de agosto, co asunto festivos locais ano 2027

1

1.3.- Proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación.

Asunto: Ratificación decreto addenda convenio obradoiro dual de emprego VALORA 2026

1.4.- PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

Expte. Núm.: 2026/A008/000035

Expte. Núm.: 2026/G003/001562

Asunto: Ratificación Decreto n.º 1523/2026 de 10/09/2026 PRÓRROGA e ANEXO ao CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá)

1.5.- MOCIÓNS



	PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)
	2.1.- MOCIÓNS
2	2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: do núm. 1157/2026 do 13 de xullo de 2026 ao núm. 1530/2026 do 13 de setembro de 2026 (ambos inclusive); ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: 11 de agosto de 2026, 25 de agosto de 2026, 8 de setembro de 2026.
	2.3.- ROGOS E PREGUNTAS

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL



SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MANUEL RAFAEL LIÑARES GONZÁLEZ.	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada